

galicia

Semana Santa

programación

2024



XUNTA  
DE GALICIA

GL

● Festas de Interesse Turístico Internacional

● Festas de Galicia de Interesse Turístico



# Semana Santa en Galicia

## Programación

Pág.

### Festas de Interese Turístico Internacional

Semana Santa de Viveiro.....4-6

Semana Santa de Ferrol.....7-12

### Festas de Galicia de Interese Turístico

Santo Cristo de Fisterra.....14-15

Semana Santa de Cangas.....16-17

Semana Santa de Paradela (Meis).....18

Semana Santa de Betanzos.....19-20

Semana Santa de Mondoñedo.....21

Semana Santa de Lugo.....22-23

Semana Santa de Santiago de Compostela...25-27

# Semana Santa de Viveiro

*Festa de Interese Turístico Internacional*

## MARZO

Venres, 22 (Venres de Dolores)

21:00 h. Procesión da Virxe das Dores  
Igrexa de San Francisco. Organiza V.O.T.  
Franciscana

Pasos: Stma. Virxe das Dores

Sábado, 23 (Sábado de Paixón)

18:00 h. Concerto benéfico. Adro de  
San Francisco. No caso de que chova  
na Igrexa do Convento das MM.  
Concepcionistas.

Banda Nosa Señora da Misericordia a  
favor da Asociación de Pais de Persoas  
con Discapacidade Intelectual de  
Viveiro.

20:30 h. Pregón a cargo de D. Celso  
Arango López, presentado por D. Emilio  
Xosé Insua López.

Teatro Pastor Díaz. Organiza Xunta de  
Confrarías.

Pechará o acto o Sexteto Vocal  
"SondeNós"

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

12:00 h. Procesión da "Entrada triunfal  
de Xesús en Xerusalén" tamén  
chamada de "La Borriquita"

Igrexa de San Francisco. Organiza  
Parroquia de Santiago.

Pasos: Entrada triunfal de Xesús en  
Xerusalén.

Bendición de Ramos e Palmas na Praza  
Maior

20:00 h. Procesión do Ecce-Homo

Saída: Igrexa de San Francisco. Organiza  
V.O.T. Franciscana.

Pasos: Ecce-Homo dos franceses (s. XV).

Coroación de espiñas ou «O Sentado»  
(s. XV). Cristo da Vera Cruz (s. XV). Virxe  
Inmaculada dolorosa (s. XVIII).

Luns, 25 (Luns Santo)

21:00 h. Tamborrada.

Polas rúas de Viveiro con final na Praza  
Maior. Organiza Xunta de Confrarías de  
Semana Santa

Martes, 26 (Martes Santo)

21:00 h. Vía Crucis de Mulleres

Saída Igrexa de San Francisco. Organiza  
Irmandade de Mulleres da Santa Cruz.

Pasos: Cristo da Vera Cruz (s. XVII).

Recóllese na Igrexa de Sta. María a  
imaxe de María ao Pé da Cruz (Modesto  
Quilis - 1908).

Mércores, 27 (Mércores Santo)

22:00 h. Vía Crucis de Homes

Saída Igrexa de San Francisco. Organiza  
Parroquia de Santiago e Irmandade das  
Sete Palabras.

Pasos: Cristo da Agonía (José Rivas-  
1946). Acompañano 14 penitentes coa  
Cruz a costas.

Xoves, 28 (Xoves Santo)

19:30 h. Procesión da Última Cea

Saída Igrexa de San Francisco. Organiza  
V.O.T. Franciscana.

Pasos: A Cea ou «Los Apóstoles» (Juan  
Sarmiento - 1808). A Oración do Horto  
(escola de Gregorio Fernández - s. XVII;  
Imaxe do Ánxo de Juan Luis Otero -  
1968).

A Flaxelación ou «El Cristo de la  
Columna», (José Tena - 1908). Ecce-

Homo ou «El Cristo de la caña», (José Rivas - 1950). Stma. Virxe das Dores (1741).

22:00 h. Procesión do Prendemento  
Saída Igrexa de San Francisco. Organiza Irmandade do Prendemento. Colaboran Confraría "O Nazareno dos de Fóra" e Parroquia de Santiago.

Pasos: O Prendemento ou «El Beso de Judas» (José Rivas - 1947). As Negacións de San Pedro (Antonio Bernal Redondo - 2010/2019). Ecce-Homo «Corazón de Jesús» (s. XVII). Noso Pai Xesús Nazareno (Francisco Romero Zafra - 2012). Virxe das Dores (principios s. XX).

00:30 h. Procesión da Misericordia  
Saída Capela da Misericordia. Organiza Confraría da Misericordia

Pasos: Ecce-Homo da Misericordia (s. XVII). Nosa Señora da Clemencia (Francisco Gijón - 2004).

Venres, 7 (Venres Santo)

10:00 h. O encontro

Na Praza Maior e Adro de Santa María. No caso de que chova, na Igrexa de San Francisco. Organiza V.O.T. Franciscana. Predica: Fray Enrique Lista, franciscano de Santiago de Compostela.

Pasos: Xesús coa Cruz a costas ou «El Cristo que cae», (s. XVI). San Xoán e A Verónica (Juan Sarmiento - 1775). A Dolorosa (1741).

12:00 h. Sermón das Sete Palabras.

Na Igrexa de San Francisco. Organiza Irmandade das Sete Palabras. Predica: Ilmo. e Rvdmo. Sr. D. Jesús Álvarez Piñón, vicario episcopal para la Caridad y párroco moderador de la Unidad

Pastoral de Viveiro. Participa a Coral Polifónica "Alborada" de Viveiro.

18:30 h. Descendemento ou tamén chamado Desencravo

Adro de Santa María. Organiza Ilustre e Venerable Confraría do Stmo. Rosario. Predica: Fray Enrique Lista, franciscano de Santiago de Compostela..

Pasos: Cristo do Desencravo (s. XVII). A Dolorosa (s. XX). San Xoán (s. XX).

19:30 h. Procesión do Santo Enterro  
Saída Igrexa de Santa María. Organiza Ilustre e Venerable Confraría do Stmo. Rosario.

Pasos: A Magdalena (José Tena - 1916). San Xoán (José Tena - 1909). Santísimo Cristo Xacente (José Tena - 1908) custodiado por catro anxos que portan os atributos da Paixón (Rodríguez y Puente - 1955), escoltado por unha garda romana. Virxe da Soidade (José Rivas - s. XX).

22:00 h. Procesión da Paixón

Saída Igrexa de San Francisco. Organiza Confraría del Stmo. Cristo da Piedade. Colaboran As Irmandades do Prendemento, das Sete Palabras e Mulleres da Santa Cruz.

Pasos: O Prendemento (José Rivas - 1947). O Calvario (José Rivas - 1946/1949, Rodríguez y Puente - 1952). Stmo. Cristo da Piedade (José Rivas - 1945), acompañado da Banda Romana de tambores da Confraría, que dará un pasarrúas unha hora antes. María ao Pé da Cruz (Modesto Quilis - 1908).

00:00 h. Sermón da Soidade

Igrexa de San Francisco. Organiza V.O.T. Franciscana.

## Semana Santa de Viveiro

00:30 h. Procesión da Soidade ou tamén chamada "Dos Caladiños"

Saída Igrexa de San Francisco. Organiza V.O.T. Franciscana.

Pasos: A Verónica (Juan Sarmiento - 1775). San Juan (Juan Sarmiento - 1775). Virxe da Soidade (1741).

Á súa finalización, ante a Venerada imaxe da Virxe Dolorosa, canto popular da Salve na Igrexa de San Francisco.

Sábado, 30 (Sábado Santo)

19:30 h. Procesión da Esperanza da Resurrección.

Saída Igrexa de San Francisco. Organiza Irmandade de Mulleres da Santa Cruz.

Pasos: Nosa Señora da Esperanza (Francisco Romero Zafra - 2010)

Domingo, 31 (Domingo de Resurrección)

12:00 h. Procesión do Encontro de Resurrección

Saída Igrexa de Santa María. Organiza Ilustre e Venerable Confraría do Stmo. Rosario. Predica: Rvdo. Xosé Román Escourido Basanta, sacerdote da Unidad Pastoral de Viveiro. Participa Coral Polifónica "Alborada" de Viveiro.

Pasos: San Xoán (s. XX). Nosa Señora do Sagrado Corazón (Francisco Font- 1880) Na Praza Maior terá lugar o Encontro de Resurrección.

20:00 h. Procesión do Vía Lucis

Saída Igrexa de San Francisco. Organiza Irmandade das Sete Palabras.

Pasos: A Resurrección (Leopoldo Rodríguez - 2005/2008). Nosa Señora do Camiño da Luz (Antonio Espadas - 2013).

Máis información:

<http://www.semanasantaviveiro.com/>



# Semana Santa de Ferrol

*Festa de Interese Turístico Internacional*

## MARZO

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

11:30 h. Procesión de Xesús amigo dos nenos (Confraría das Angustias.)

Paso: Xesús Amigo dos Nenos (1959).

Un pouco antes da saída, ás 11:15h, celébrase a bendición dos ramos á porta da igrexa. Nesta procesión polo barrio de Esteiro, os confrades portan as súas palmas e ramos e van sen capuz. O desfile detense na capela das Angustias, no campus universitario de Esteiro, onde os fieis agardan pola bendición dos seus ramos, o mesmo que sucede na igrexa do Pilar, onde se retira a comitiva.

11.45 h. Procesión da Entrada triunfal de Xesús en Xerusalén (A Borriquita) (Confraría de Dores)

Pasos: San Xoán Evanxelista (Fernando Murciano Abad, 2022) e A Borriquita (Massagué, 1990).

Un pouco antes da saída, ás 11:30h, bendición dos ramos na praza de Amboage. Esta é unha procesión particularmente popular, con moita presenza de nenos e nenas que acoden coas súas palmas. A imaxe de San Xoán é unha réplica case exacta da máis antiga, de autoría anónima e que data do século XVIII. A irmandade servita estreou no ano 2022 a nova, obra de Murciano Abad, para preservar a anterior.

19:00 h. Procesión do Ecce Homo (Confraría da Soidade)

Pasos: San Pedro Apóstolo (Jesús Cepeda, 2021) e Ecce Homo (Florencio Gambino, 1790).

Este desfile mantén viva en Ferrol a tradición franciscana de recordar, na tarde do Domingo de Ramos, a lectura da Paixón de Cristo que se fai ese día nas igrexas. No pasado ano 2023 cumpríronse 280 anos desde a primeira vez que se celebrou en Ferrol esta procesión, entón organizada polos franciscanos e cunha imaxe anterior á actual, que tallou en 1790 Florencio Gambino.

Luns, 25 (Luns Santo)

21:00 h. Procesión de Cristo Rei e a Virxe da Amargura (Confraría de Dores)

Pasos: Cristo Rei e a Santísima Virxe na súa Amargura (Fernando Murciano Abad, 2009).

A imaxe de Cristo Rei pertence ao colexio do mesmo nome e o terzo que a acompaña foi fundado por persoas vinculadas á dita comunidade educativa, polo que é importante a participación de nenos e nenas neste desfile. A Virxe da Amargura, que procesionou por primeira vez en 2009, estreou no pasado 2023 o seu novo manto de veludo morado con bordado dourado, coincidindo co 30 aniversario da creación do Terzo da Amargura, así como un novo trono da Confraría de Dores, co escudo da irmandade na fronte.

## Semana Santa de Ferrol

### Martes, 26 (Martes Santo)

19:30 h. Procesión do Cristo da Boa Morte (Confraría da Soidade)

Paso: Cristo da Boa Morte (David dos Santos Feal, 2002) e Virxe do Perdón e Misericordia (Juan José Negrí Acevedo, 2015).

A Confraría da Soidade dedica esta procesión ao Cristo da Boa Morte ou da Luz, a imaxe que xa desde a segunda metade do século XVII veneraba a xente do barrio de Ferrol Vello nun oratorio preto da antiga igrexa parroquial de San Xulián. A talla orixinal, pertencente á Orde Terceira, consérvase na capela franciscana e a irmandade penitencial procesiona desde 2005 coa realizada polo artista David Dosantos Feal. Tal e como xa sucedeu o ano pasado polas obras, o desfile irá polo barrio da Magdalena.

21:00 h. Procesión de Xesús atado á Columna e a Santísima Virxe da Esperanza (Confraría de Dores)

Pasos: Xesús atado á Columna (1967), Cristo Penitencial e a Virxe da Esperanza (José María Hurtado, 2014).

Nesta procesión goza de especial popularidade o trono da Virxe da Esperanza, que foi o primeiro portado por mulleres en España. A venerada imaxe leva un manto verde bordado en ouro co escudo do seu terzo como motivo central e sobre o seu rostro, de extrema dozura, destaca unha coroa de prata sobredourada. Na súa retirada, é tradicional que soe "Unha nai non se cansa de esperar".

### Mércores, 27 (Mércores Santo)

19:00 h. Procesión de Nosa Señora dos Cautivos e o Santísimo Cristo Redentor (Confraría da Merced)

Pasos: Nosa Señora dos Cautivos (José Hurtado, 2012) e Cristo Redentor (José Rivas, 1927).

A procesión da tamén coñecida como "Virxe Branca" marca cada ano o estreo desta Confraría na Semana Santa de Ferrol. En 2022 cumpríuse unha década da primeira saída desta imaxe, para a que a banda Acotaga interpreta sempre a marcha "Libérame", escrita para ela, na retirada. Habitualmente, a Confraría da Merced organiza unha veneración de Nosa Señora dos Cautivos nos días anteriores á procesión.

19:30 h. Procesión do Cristo dos Navegantes (Confraría da Soidade)

Paso: Cristo dos Navegantes (Enrique Carballido, 1949).

Esta foi tradicionalmente unha procesión da parroquia, ao marxe das Confrarías penitenciais da cidade, aínda que a Confraría da Soidade ocúpase dende o ano 2022 de organizala. O desfile desenvólvese sen capuchóns e con moitos veciños e fieis seguindo a imaxe do Cristo dos Navegantes, que no seu itinerario entra no Arsenal Militar. É unha comitiva moi peculiar e especialmente chocante pola vista do Crucificado pasando diante dos buques e dos edificios militares. O Cristo vai seguido pola Banda de Música de Infantería da Mariña.

21:00 h. Procesión do Cristo do Perdón e María Santísima dos Desamparados (Confraría das Angustias)



Pasos: Cristo do Perdón (Guerra Felipe, 1864) e María Santísima dos Desamparados (S. XIX).

Este desfile incorporouse ao procesionario en 1986, cando catro confrades da hermandade de Esteiro tomaron a iniciativa de sacar en andas ao Cristo do Perdón. A imaxe, obra de Guerra Felipe, logra un gran dramatismo ao representar a un Cristo vivo na cruz coa mirada cara arriba no momento no que se dirixe ao seu Pai coas sete palabras "Pai, perdóaos porque non saben o que fan". Na ornamentación do trono aparecen catro escudos: o da Confraría diante, o do bispo Quiroga Losada atrás, e os de Carlos III e o Papa Clemente XIII nos laterais.

21:45 h. Acto Penitencial no que participan os confrades

22:30 h. Procesión da Penitencia (Confraría de Dores)

Pasos: Cristo Xacente (Pablo Lanchares, 2016) e Cruz Sudario.

A imaxe do Xacente, talla de corpo enteiro obra do imaxineiro leonés Pablo Lanchares, adoita a ir flanqueada por un piquete da Garda Civil. Neste desfile o máis característico é o paso de penitentes portando cruces e cadeas.

Xoves, 28 (Xoves Santo)

18:30 h. Procesión da Humildade (Confraría da Merced)

Pasos: Noso Pai Xesús na súa humildade (Ana Rey 2024)

A Confraría da Merced incorpora neste ano 2024 ao seu programa esta nova saída, protagonizada por un paso de misterio no que se representan a

Xesús e Xudas no momento, tras a oración no horto das oliveiras, no que o discípulo lle dá o bico da traizón. Como é habitual na imaxinaria da artista gaditana Ana Rey, á que se confiou o traballo, as figuras e os seus rostros teñen un gran realismo. Dado o tema, vestirán roupa moi sinxela, ao estilo hebreo e sen adornos nin artificios.

19:30 h. Procesión da Pontificia, Real e Ilustre Confraría de Nosa Señora das Angustias

(Confraría das Angustias)

Pasos: Xesús Nazareno (Florencio Severo Gambino, S. XVIII), Cristo da Agonía (Florencio Severo Gambino, 1789), Cristo Xacente (Guillermo Feal, 1957) e N<sup>a</sup>. S<sup>a</sup>. das Angustias (Anónimo, s. XVIII).

É a procesión de máis longo percorrido das que se celebran na Semana Santa de Ferrol, xa que vai polo barrio de Esteiro e despois polo da Magdalena. Nosa Señora das Angustias, que foi coroada canonicamente no ano 2022, vai co seu Fillo no regazo.

23:00 h. Procesión do Cristo da Misericordia e María Santísima da Piedade (Confraría de Dores)

Pasos: Oración no Horto (Fernando Murciano Abad, 2022), Cautivo (Fernando Murciano Abad, 2008), Nazareno (Francisco Guerra Felipe, 1863), Cristo da Misericordia (Manuel Romero Benítez, 2000), Cristo Penitencial e Virxe da Piedade (Anónimo, s. XVIII).

Esta é a procesión con máis tronos e terzos das que se celebran na Semana Santa de Ferrol. O numeroso público que se achega ás rúas para vela pasar e para asistir á retirada, habitualmente preto das tres da madrugada, é proba

## Semana Santa de Ferrol

da devoción que suscita este cortexo e as imaxes.

Venres, 29 (Venres Santo)

Procesión do Santo Encontro (Confraría de Dores.)

11:30 h. saída do paso de Xesús Nazareno por Méndez Núñez, Real, Rubalcava e Praza de Armas.

11.45 h. saída dos pasos de San Xoán, Verónica e Virxe das Dores por Méndez Núñez, Dores e Praza de Armas.

12.30 h. Santo Encontro na Praza de Armas. Finalizado este procedese ao retorno por Terra, Real, Méndez Núñez e retirada

Pasos: Xesús Nazareno (Francisco Guerra Felipe, 1863), San Xoán (Fernando Murciano Abad, 2022), Verónica (Anónimo, s. XVIII) e Virxe das Dores (Anónimo, s. XVIII).

A Praza de Armas acolle o acto máis multitudinario da Semana Santa ferrolá. Representase o encontro de Xesús Nazareno, camiño do calvario, con San Xoán, a Santa Verónica e a Virxe das Dores.

16:30h. Procesión do Crucificado (Confraría da Merced)

Percorrido: Capela da Merced, María, Arce, Real, Sánchez Barcáiztegui, Magdalena, Coruña, Real, Méndez Núñez, María e Capela da Merced.

Paso: Cristo Redentor (José Rivas, 1927). Nesta procesión, a cruz deixa de ser un símbolo de tortura para representar a salvación. É especialmente emotivo o momento en que tras saír estirado da capela, para pasar polo marco das súas portas, os confrades levantan a cruz co Cristo Redentor sobre o seu trono para

comezar a procesión. Desde o pasado 2023, no paso do Cristo van tamén, ao pé da cruz, as imaxes da Dolorosa e San Xoán, como sucedía nos anos sesenta.

18:00 h. Procesión do traslado (Confraría de Dores.)

Pasos: San Xoán (Fernando Murciano Abad, 2022) e Virxe das Dores (Anónimo, s. XVIII).

18:00 h. Acto do Desencravo (Irmandade do Santo Enterro)

No atrio de San Julián.

Desde 2022, a Irmandade recuperou a cerimonia do Desencravo, que non se celebraba en Ferrol desde o ano 1912. Con esta función, que ten lugar ás 18:00h no atrio da concatedral, a Confraría completa a representación do enterro de Xesús.

19:00 h. Procesión do Santo Enterro (Confraría do Santo Enterro)

Pasos: San Xoán (Fernando Murciano Abad, 2022), Santa Urna do Santo Enterro (Urbano Anido, 1891) co Santísimo Cristo do Santo Enterro (Manuel Corgo, 1891) e Virxe das Dores (Anónimo, s. XVIII).

A Irmandade do Santo Enterro encárgase desde o ano 1951 de representar con toda solemnidade o enterro de Cristo. É un cortexo que só se suspendeu en circunstancias moi excepcionais, como foi a pandemia, porque no caso de chuvia celébrase no interior de San Julián.

Procesión da Soidade (Confraría da Soidade)

20:30 h. Saída da Capela ata a súa entronización.

21.00 h. Saída da procesión.

Pasos: Santa María Magdalena (Guillermo Feal, 1956) e Santísima Virxe da Soidade (Anónimo, s. XVIII).

A comunidade de terceiros franciscanos xa celebraba esta procesión antes do ano 1868. A Confraría da Soidade mantén a tradición de sacar esta imaxe, antes sobre tronos con rodas e desde o ano 2019 con portadores que a leven sobre os ombreiros.

23:15 h. Acto Litúrxico na Concatedral de San Xulián.

23:30 h. Procesión de "Os Caladiños" (Confraría de Dores)

Pasos: San Xoán (Fernando Murciano Abad, 2022) e Virxe das Dores (Anónimo, s. XVIII).

Como o seu nome indica, o máis característico desta procesión é o silencio, só roto polo son dos tambores e o arrastrar de cadeas. É tradición que ao remate do desfile se cante a Salve Regina á Virxe das Dores.

Sábado, 30 (Sábado Santo)

Desde as 9:00 h, recollida de esmola para o Refuxio do Santo Hospital de Caridade a cambio dunha flor dos tronos que procesionaron en Semana Santa.

20:00 h. Procesión da Caridade e o Silencio (Confraría das Angustias)

Pasos: Cruz Sudario (Anónimo, s. XVIII) e Virxe da Caridade e o Silencio (Anónimo, s. XVIII).

Durante todo o día desde as 9:00, a Confraría das Angustias recolle esmola no santuario, e entrega a cambio unha flor, ata a hora da saída da procesión. Os confrades fan un xuramento

de silencio e van vestidos de loito rigoroso, sen capa e con capuz negro. Ao final do percorrido, os capuchóns entran no santuario e un representante da Fundación do Santo Hospital de Caridade chama á porta, nunha cerimonia xa tradicional na Semana Santa ferrolá, para recoller a arqueta co diñeiro depositado polos fieis.

Domingo, 31 (Domingo de Resurrección)

11:30 h. Procesión de María Magdalena ao encontro de Xesús resucitado (Confraría da Merced)

Paso: María Magdalena (Juan José Negri Acevedo, 2016).

12:00 h. Procesión de Xesús Resucitado ao encontro coa súa Nai (Confraría da Soidade)

Paso: Xesús Resucitado (2004).

12:00 h. Procesión da Virxe da Luz ao encontro co seu Fillo (Confraría das Angustias)

Pasos: Virxe da Luz (anónimo s. XIX).

13:00 h. Procesión da Resurrección (Confrarías da Soidade, Merced e Angustias)

Gozoso encontro na Praza de Armas (finalizado o mesmo formábase unha única procesión coas Confrarías da Soidade, a Merced e as Angustias).

13.30 h. (aprox.): Reinicio da Procesión.

Pasos: Santa María Magdalena (Juan José Negri Acevedo, 2016), Xesús Resucitado (Olot, 2004) e María Santísima da Luz (Anónima, S. XIX).

As tres Confrarías irmás da Semana Santa de Ferrol –Mercé, Soidade e as

## Semana Santa de Ferrol

Angustias- celebran o Domingo de Resurrección facendo confluír tres desfiles na praza de Armas e recreando alí todas xuntas o Gozoso Encontro de Xesús Resucitado coa súa Nai e María Magdalena. A continuación as tres irmandades participan unidas na Procesión da Resurrección.

Máis información:

<https://semanasantaferrrol.com/gl/>





Semana Santa de Viveiro



Semana Santa de Ferrol

# Santo Cristo de Fisterra

*Festa de Galicia de Interese Turístico*

## MARZO

Sábado, 16 (Primeiro Acto)

17:30 h. Retiro de Coresma e o Sacramento de Confesión no Santuario do Santo Cristo

Martes, 19 (Nosa Sra. Das Dores)

Na Igrexa Parroquial comezo do Triduo  
19:00 h. Misa solemne e, a continuación, procesión.

Venres, 22 (Nosa Sra. Das Dores)

20:00 h. Misa solemne cantada polo coro "Nosa Sra. das Areas". A continuación, Procesión de Nosa Señora das Dores, acompañada pola Banda Municipal de Cee. A imaxe da Virxe das Dores percorre as rúas da vila, pero avanza soa, arroupada polo recollemento dos devotos que a acompañan nunha das procesións máis expresivas da Semana Santa de Fisterra.

Sábado, 23 (Peregrinación ao Santísimo Cristo de Fisterra)

15:00 h. Saída da parada de autobuses de Fisterra

15:30 h. Saída da Igrexa de San Xoán de Sardiñeiro

20:00 h. Misa solemne na Igrexa Parroquial de Santa María das Areas de Fisterra – Santuario do Santo Cristo. (para anotarse deben dirixirse a calquera membro da Xunta de Confrarías)

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

11:15 h. Bendición dos Ramos na Praza da Constitución. Unha vez bendicidos, Procesión da Entrada Triunfal de Xesús a Xerusalén ata a Igrexa de Santa María das Areas, acompañada pola Banda de Música Arca-O Pino. Unha vez alí, dará comezo a Santa Misa, cantada polo coro "Nosa Sra. do Carme".

Luns 25, Martes, 26 e Mércores 27

20:00 h. Misa na Igrexa Parroquial – Santuario do Santo Cristo.

Xoves, 28 (Xoves Santo)

20:00 h. Representación da Última Cea e do tradicional Lavatorio de pés, na Igrexa Parroquial. A continuación, no recinto do adro, Oración no Monte das Oliveiras e Prendemento de Cristo, para terminar coa Procesión do Paso da Oración do Horto acompañada pola Banda "Desiderio Paz". Seguidamente exposición e adoración do Santísimo Sacramento.

Venres, 29 (Venres Santo)

11:30 h. Saída do Nazareno.

12:00 h. Comezo do Vía Crucis na praza de Santa Catalina e de seguido, na praza da Constitución acto do Santo Encontro, onde se continuará ata a Igrexa, acompañados pola Banda de Santa Cruz de Ribadulla e Banda Arca-O Pino.

20:00 h. Liturxia do día e acto do Desencravo de Xesús na Igrexa de Santa María das Areas, onde culminará o día coa Procesión do Santo Enterro, aceptada como unha

das máis arraigadas na nosa tradición, concitando o maior fervor da Semana Santa fisterrá e que percorre as rúas da vila ata a madrugada. Estará acompañada polas Banda Arco-O Pino, Banda de Santa Cruz de Ribadulla e Banda Desiderio Paz de Fisterra.

Sábado, 30 (Sábado Santo)

12:00 h. Meditación sobre as sete dores de Santa María (Adoración ao Santo Sepulcro).

21:00 h. Vixilia Pascual na Igrexa Parroquial.

Domingo, 31 (Domingo de Pascua)

Miles de romeiros achéganse a venerar o "Cristo da Barba Dourada" e a ofrecer os seus exvotos.

12:00 h. Representación da Resurrección do Señor. Escenificación con personaxes viventes do que pode ser un antiquísimo auto sacramental, que narra en verso a chegada das desconsoladas mulleres ao sepulcro e do seu encontro co anxo que lles anuncia a Resurrección do Señor, en forma de proclama ao mundo enteiro co tradicional ALELUIA!

Encontro da Nai co seu Fillo Resucitado.

Repicar de campás, tracas de fogos de artificio, solta de pombas, izado de bandeiras e música de bandas, que culmina coa Danza de Nosa Señora das Areas, tamén coñecida como Danza dos Paus en honra á Virxe e que algúns estudosos datan do século XII. Acompañará os actos a Banda de Gaitas da A.C Malante de Malpica. Misas ás 9:00 e ás 10:00 h.

## ABRIL

Luns, 01 (Luns de Pascua)

12:00 h. Misa solemne polos devotos do Santo Cristo, cantada polo coro "Nosa Sra. das Areas"

Máis información:

<https://www.facebook.com/semanasanta.fisterra/>



# Semana Santa de Cangas

*Festa de Galicia de Interese Turístico*

## MARZO

Sábado, 9

20:30 h. Pregón da Semana Santa

Miércoles, 13

19:00 h. Traslado da Virxe das Dores desde a Avda. de Moaña ata a Excolegiata de Santiago de Cangas pola rúa Hío.

Do xoves 14 ao mércores 20: Septenario Stma. Virxe das Dores e Coroa Dolorosa

Martes, 19

19:00 h. Misa solemne. A continuación Procesión de San Xosé acompañada pola Banda de Música Belas Artes de Cangas

Xoves, 21

Confesións comunitarias.

Venres, 22

Festividade da Virxe das Dores  
09:00 h. Misa na Excolegiata Santiago de Cangas.

12:00 h. Concerto da Banda de Música Belas Artes.

19:00 h. Misa Solemne.

A continuación, Procesión da Santísima Virxe das Dores que percorrerá as rúas da vila acompañada pola Banda de Música Belas Artes de Cangas.

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

09:00 h. Misa na Excolegiata de Santiago

de Cangas

11:00 h. Procesión da Borriquilla, acompañada da Banda de Gaitas Maria Soliña.

11:30 h. Bendición de Ramos nos xardíns de Félix Soage (en caso de choiva bendición na Excolexiata Santiago de Cangas)

12:00 h. Misa da Paixón do Señor.

18:00 h. Vía Crucis infantil desde a Excolexiata Santiago de Cangas ata o Cruceiro de Singulis.

Martes, 26 (Martes Santo)

18:45 h. Vía Crucis arredor da Excolexiata Santiago de Cangas.

Mércores, 27 (Mércores Santo)

20:00 h. Misa á Soidade de María.

Ao finalizar, Procesión A Soidade de María. Convidease ás mulleres da vila a acompañar a Virxe na súa Soidade.

Xoves, 28 (Santa Cea do Señor)

18:00 h. Cultos.

20:00 h. Procesión do Xoves Santo acompañada pola Banda de Música Belas Artes de Cangas e a Banda de Cornetas e Tambores.

00:30 h. Oración nocturna

Venres, 29 (Venres Santo)

07:00 h. Procesión As tres negacións de San Pedro, acompañada da Banda de Cornetas e Tambores de Cangas. (Ao finalizar convidarase a unha chocolatada).

10:30 h. Procesión do Santo Encontro acompañada pola Banda de Música Belas Artes de Cangas e Banda de Cornetas e Tambores.



16:00 h. Hora Nona. Acto non litúrxico que representa o momento da expiración de Noso Señor. Sairán tres grupos de cornetas e tambores dos Cruceiros de Singulis, Altamira e Forte que se unirán na Rúa Real diante da Excolexiata.

18:00 h. Oficio da Paixón do Señor: Sermón das Sete Palabras e Desencravo.

20:00 h. Procesión do Santo Enterro acompañada pola Banda de Música Belas Artes de Cangas, Banda de Gaitas María Soliño e Banda de Cornetas e Tambores.

00:00 h. Procesión do Silencio, compañada pola Banda de Cornetas e Tambores de Cangas.

Sábado, 30 (Sábado Santo)

21:00 h. Solemne Vixilia Pascual.

Domingo, 31 (Domingo de Resurrección)

10:30 h. Procesión de Xesús Resucitado acompañada pola Banda de Gaitas Tromentelo.

12:00 h. Misa Solemne de Resurrección

(Os horarios pódense ver alterados en función do tempo)

### OUTRAS ACTIVIDADES

Festival de Folclore na rúa

Sábado 23 de marzo:

- 12:30 h pasarás polo centro
- 19:30 h Festival no Auditorio Municipal coa participación do Grupo de Danzas Pais de San Roque de Cangas, Grupo Txori Zuri de Berriozar (Navarra) e Grupo Folclórico de Sta Eulalia de Vizela (Portugal).

Exposición na capela do Hospital Semana Santa Canguesa

Do venres 1 ao sábado 9 de marzo.

O día da clausura ás 19:00 h pequena procesión ata a ExColexiata Santiago de Cangas onde tendrá lugar o pregón.

Máis información:

<https://cangas.gal/gl/areas/turismo/semana-santa>



# Semana Santa de Paradela (Meis)

*Festa de Galicia de Interese Turístico*

## MARZO

**Domingo, 24 (Domingo de Ramos)**  
13:00 h. Escenificación da Entrada Triunfal en Xerusalén e Bendición de Ramos na praza de Outeiro; deseguido, procesión ata a igrexa acompañada pola Banda de Música A Vertula; a continuación, misa cantada polo Coro Parroquial de Santa María de Paradela.

**Xoves, 28 (Xoves Santo)**  
20:00 h. Actos litúrxicos na igrexa.  
21:00 h. Escenificación da última cea de Xesús no adro da igrexa, seguidamente procesión ata a praza de Outeiro para a oración no Horto das Oliveiras e prendemento, a continuación, Xuízo do Sanedrín no adro da igrexa.

**Venres, 29 (Venres Santo)**  
11:30 h. Escenificación das Derradeiras horas da vida de Xesús no adro da igrexa. A continuación, Vía Crucis ata o monte da Croa e Crucifixión.  
21:00 h. Terán lugar no Monte da Croa o Desencravo e Descendemento de Xesús, seguidamente, Procesión do Santo Enterro, acompañada pola Banda de Gaitas Vides Novas de Poio

**Sábado, 30 (Sábado Santo)**  
22:00 h. Misa de Resurrección. Bendición da auga e do lume e ao rematar, degustación gratuíta de Rosca de Pascua.

**Domingo, 31 (Domingo de Pascua)**  
12:30 h. Escenificación da Resurrección de Xesús no adro da igrexa. A continuación, Santa Misa cantada pola Coral Polifónica Xuntanza de Meis e Procesión de Resurrección acompañada pola Banda Escola de Música Cultural de Meis.

Máis información:  
<https://www.facebook.com/profile.php?id=100064592805836>



# Semana Santa de Betanzos

*Festa de Galicia de Interese Turístico*

## MARZO

Sábado, 23

20:30 h. Concerto Pregón de Semana Santa. Pregoiro: Rafael Casás Salgado, UDC-Arcebispado de Santiago de Compostela. Coral Polifónica de Betanzos. Director: Manuel López Castro (Igrexa de San Domingos)

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

09:00 h. Misa na igrexa das Madres Agostiñas.

11:15 h. Bendición dos Ramos no adro da igrexa de San Francisco. Finalizada a Santa Misa, regreso da procesión ata o templo de San Domingos.

N.B. Acompañará a procesión a Banda de Música de Abegondo e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

19:30 h. Misa na igrexa de San Domingos.

20:30 h: Concerto AS SETE PALABRAS DE MARÍA

Sexteto vocal SondeNós. Director: Plácido Travieso

Luns 25

20:30 h. : Concerto ITER CORDIS.

Guitarra: Rubén Caneiro.

Martes, 26

19:00 h. Celebración penitencial con confesións e misa.

20:30 h: Concerto CXV, A CANTIGA MÁIS LONGA. Canto: Paloma Gutiérrez del Arroyo. Arpa medieval: Manuel Vilas

Mércores 27

19:30 h. Misa.

20:00 h Procesión VIA CRUCIS, polo centro histórico, desde a igrexa das Angustias ata a igrexa de Santa María do Azougue.

N.B. Acompañará a procesión a sección de percusión da Agrupación musical Virxe da Amargura de Ferrol.

Xoves, 28 (Xoves Santo)

Misa da Cea do Señor

16:30 h. Residencia García Irmáns.

18:00 h: Igrexa das Madres Agostiñas

19:00 h. Igrexa de San Domingos

Participarán a soprano Inés

Carrión Orosa e o barítono Antón Loureiro Louro

Hora Santa

22:00 h. Igrexa das Madres Agostiñas.

23:30 h: Igrexa de San Domingos

Procesións

21:30 h PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

Desde a igrexa de Santa María:

Paso de Xesús atado á columna

Paso de Xesús Nazareno de Medinaceli

Paso do Cristo da Misericordia ou dos Mareantes

Desde a igrexa de San Francisco

Paso do Ecce Homo

Desde a igrexa de Santiago

Paso da Virxe Dolorosa.

CERIMONIA DO SANTO ENCONTRO

(praza da Constitución)

CERIMONIA DE DESPEDIDA (adro de Santa María)

N.B. Participarán a soprano Clara

Jelihovschi Panas e o pianista David

Jelihovschi

Acompañarán a procesión a Banda de gaitas e tambores Zucurrundullo de

## Semana Santa de Betanzos

Castroverde (Lugo), a Banda de Gaitas Agarimo de Ferrol, a Banda de Música de Abegondo e o Grupo de Gaiteiros das Mariñas.

Venres, 29 (Venres Santo)

12:00 h. Vía Crucis Escenificado (Igrexa de San Domingos)

Celebración da Morte de Xesús:

15:30 h. Residencia García Irmáns

17:00 h. Igrexa de San Domingos

Participarán a soprano Inés Carrión Orosa e o barítono Antón Loureiro Louro

18:00 h. Igrexa das Madres Agostiñas

19:30 h. Procesión do Santo Enterro.

Sairá da igrexa de San Domingos cos pasos do Cristo das Ánimas, a Nosa Señora da Angustia, o Santo Sepulcro e a Nosa Señora da Soidade.

N.B. Acompañarán a procesión a Agrupación musical Virxe da Amargura e a Banda das Angustias, ambas de Ferrol.

22:00 h. Os Caladiños. Sairá da igrexa de San Francisco cos pasos da Santa Cruz e da Nosa Señora das Dores

N.B. Acompañará esta procesión a Agrupación musical Virxe da Amargura, de Ferrol.

N.B. En ambas as procesións participarán a soprano Clara Jelihovschi Panas e o pianista David Jelihovschi.

Sábado, 30 (Sábado Santo)

Vixilia Pascual

20:00 h. Residencia García Irmáns

21:00 h. Igrexa das Madres Agostiñas

22:00 h. Igrexa de San Domingos

Participarán a soprano Inés Carrión Orosa e o barítono Antón Loureiro Louro

Domingo, 31 (Domingo de Pascua)

Misa de Pascua:

09:00 h. Igrexa das Madres Agostiñas

10.00 h. Igrexa da Nosa Señora dos Remedios

12.30 h. Igrexa de San Domingos

18.30 h. Igrexa de San Francisco

19.30 h. Igrexa de San Domingos

## ABRIL

Luns, 01 (Luns de Pascua)

12:00 h. Misa da Magdalena (Capela da Magdalena)

Máis información:

<http://semanasanta.betanzos.net/>



# Semana Santa de Mondoñedo

*Festa de Galicia de Interese Turístico*

## MARZO

Sábado, 23

20:00 h. Pregón a cargo de Ramón Loureiro (Catedral)

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

11:30 h. Bendición e Procesión de Ramos (Iglesia Nova). Preside Sr. Bispo: Ramos y Ecce Homo

19:00 h. Via Crucis Capilla V.O.T. Procesión Ecce Hommo

19:30 h. Saída e entrada Alcántara

Mércores, 27 (Mércores Santo)

19:00 h. Santuario dos Remedios en procesión á Capilla de San Brais.

19:30 h. Vía Crucis Capela San Brais do Mosteiro dos Picos. (Haberá Autobús gratuito)

Xoves, 28 (Xoves Santo)

17:00 h. Celebración da Cea do Señor. Preside Sr. Bispo. Catedral

21:00 h. Procesión do Prendemento. Saída Os Muíños.

23:00 h. Hora Santa na Catedral.

Venres, 29 (Venres Santo)

10:00 h. Santo Encontro. Fontevella.

12:00 h. Vía Crucis. Catedral

17:00 h. Celebración da Paixón do Señor. Catedral.

18:00 h. Procesión do Santo Enterro.

21:00 h. Procesión da Soidade. Canto do Plorans e so de trompeta.

Sábado, 30 (Sábado Santo)

22:00 h. Vixilia Pascual. Catedral. Preside Sr Bispo.  
Bendición do Lume Novo, Procesión co Cirio Pascual, Canto da Angélica, Liturxia da Palabra, Bendición da Auga, Renovación das Promesas Bautismais. Canon, Comuñón. Bendición Papal. Celebración en el Claustro.

Domingo, 31 (Domingo de Resurrección)

12:00 h. Catedral



# Semana Santa de Lugo

*Festa de Galicia de Interese Turístico*

## MARZO

Sábado, 16

18:00 h. VII Concerto Música Sacra.  
Catedral Basílica Santa María de Lugo.  
BANDA FILARMÓNICA DE LUGO.  
Director: Iván Martínez Sabio

Luns, 18

20:00 h. Pregón de Semana Santa. Igrexa parroquial de Santiago A Nova. Rvdo. D. ANDRÉS RAMOS CASTRO  
Sacerdote nacido en Lalín no ano 1962. Secretario xeral adxunto da Provincia Eclesiástica de Madrid.  
Actuación do ORFEÓN LUCENSE.  
Organista: Nacho Samena. Director: Marcos Fernández Mosquera

Martes, 19

20:00 h. Concerto de Música Barroca. Igrexa dos PP Franciscanos. ENSEMBLE CLARINETES CMUS XOÁN MONTES.

Venres, 22

20:00 h. Solemne Vía Crucis. Praza Pío XII e Catedral Basílica Santa María de Lugo. Preside Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco, Bispo de Lugo. Sairá en procesión o paso do Cristo da Misericordia venerado na igrexa de Santiago A Nova, que será portado a ombreiros de corenta mulleres.

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

11:30 h. Bendición de Ramos e Procesión

da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén (Organiza Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén).

Percorrido: Saída da igrexa de San Froilán – Praza do Ferrol, San Marcos, Sto. Domingo, Armanyá, Conde Pallares, praza Maior, praza de Santa María (Bendición de Ramos), praza Maior, Raíña, Santo Domingo, Armanyá, Conde Pallares, praza Maior, Raíña, San Marcos

19:00 h. Procesión da Virxe das Dores (Organiza a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima)

Percorrido: Saída do convento dos Franciscanos – Praza Maior, Conde Pallares, Doutor Castro, praza Maior, San Pedro, Progreso, Xoán Montes, Raíña, praza Maior e remate diante do convento dos Franciscanos.

Luns, 25 (Luns Santo)

11:00 a 19:00 h. Eucaristía en honra da Virxe da Esperanza.

20:30 h. Procesión da Virxe da Esperanza (Organiza a Insigne Confraría da Virxe da Esperanza).

Percorrido: Saída da igrexa da Nova por Anxo Fernández Gómez, Campo Castelo, Ronda da Muralla, Bispo Aguirre, fondo da praza Maior, Conde Pallares, Santo Domingo, Raíña, praza Maior (diante do Concello) e remate na praza Anxo Fernández Gómez.

Martes, 26 (Martes Santo)

20:30 h: Procesión do Bo Xesús e do Nazareno (Organiza a Episcopal e Catedralicia Confraría do Bo Xesús e do Nazareno). Chegada a procesión á praza Maior, á altura do convento dos PP Franciscanos, producirase o ENCONTRO

DE MARÍA CON XESÚS CAMIÑO DO CALVARIO.

Percorrido: Saída da Catedral, Bo Xesús, praza de Santa María, Casas Novoa, praza Maior, Conde Pallares, Armanyá, praza de Santo Domingo, Raíña, praza Maior, Casas Novoa, praza de Santa María, Bo Xesús e Catedral.

Mércores 27

11:00 h. Misa Crismal. Catedral Basílica de Santa María de Lugo.

20:30 h Procesión do Santo Cristo do Perdón e Nosa Señora da Piedade. Vía Crucis Penitencial (Organiza a Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade)

Percorrido da procesión: Saída da Catedral, Bo Xesús, praza de Santa María, Casas Novoa, praza Maior, Raíña (Vía Crucis), Sto. Domingo, Armanyá, Lois Peña Novo, Santo Domingo, Raíña, praza Maior por diante do Concello, Casas Nóvoa, praza de Santa María e remate en Catedral.

Xoves, 28 (Xoves Santo)

18:00 h: Eucaristía da Santa Cea (Catedral Basílica de Santa María de Lugo). Ao remate da Eucaristía (aprox. ás 19:15h.) Procesión da Santa Cea (Organiza a Confraría Sacramental da Santa Cea do Señor).

Percorrido: Saída da Catedral por Pío XII, Bo Xesús, praza de Santa María, praza Maior por Franciscanos, paseo central da praza Maior, Casas Novoa, praza de Santa María e remate na Catedral.

Venres, 29 (Venres Santo)

12:00 h. Sermón das Sete Palabras (Catedral Basílica de Santa María de Lugo)

18:00 h. Celebración da Paixón do Señor

18:30 h. Acto do desencravo do señor.

Igrexa conventual dos PP. Franciscanos (Organiza a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima)

20:00 h. Procesión do Santo Enterro (Organiza a Orde Franciscana Segrar e a Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima) Ás

20:15 h súmanse as demais confrarías a esta procesión, ao seu paso polo fondo da praza Maior.

Percorrido: Saída da capela da Soidade - Praza da Soidade, Lois Peña Novo, Armanyá, Conde Pallares, fondo da praza Maior (xúntanse ás outras confrarías cos seus pasos desde a praza de Santa María), praza Maior, Raíña, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Rivadeneira, Quiroga Ballesteros e remate no fondo de Santo Domingo (Praza de Abastos)

23:00 h. Procesión da virxe da soidade "As Caladiñas" (Organiza a Orde Franciscana Segrar).

Percorrido: Saída da capela da Soidade - Praza da Soidade, Lois Peña Novo, Armanyá, Conde Pallares, fondo da praza Maior, Raíña, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Rivaneira, Quiroga Ballesteros e praza da Soidade.

Sábado, 30 (Sábado Santo)

08:30 h. Procesión Penitencial da Virxe da Piedade, Santo Rosario e Vía Crucis (Organiza a Confraría do Santo Cristo do Perdón e de Nosa Señora da Piedade)

Percorrido: Saída da Catedral por Pío XII, Bo Xesús, praza de Santa María, Casas Novoa, praza Maior por Franciscanos, paseo central da Praza Maior, Casas

## Semana Santa de Lugo

Novoa, praza de Santa María e remate en Pío XII.

23:00 h. Solemne vixilia pascual.

Catedral Basílica Santa María de Lugo.

Domingo, 31 (Domingo de Pascua)

11:40 h. Procesión do Santo Encontro

Percorrido: Saída do Concello, cantóns da praza Maior, Casas Novoa, praza de Santa María, Bo Xesús e praza de Pío XII.

12:00 h. Solemne Misa Pontifical De Resurrección. Catedral Basílica Santa María de Lugo

13:30 h. Ao remate da Santa Misa, Procesión do Cristo Resucitado (Organiza a Confraría da Entrada

Triunfal de Xesús en Xerusalén)

Percorrido: Saída da praza de Santa María, praza Maior, rúa da Raiña, Santo Domingo, San Marcos e remate na igrexa de San Froilán.

## ABRIL

Luns, 01 (Luns de Pascua)

12:00 h. Misa da Magdalena (Capela da Magdalena)

Máis información:

<http://www.semanasantadelugo.com/gl/node/5>





# Semana Santa de Santiago de Compostela

*Festa de Galicia de Interese Turístico*

## MARZO

Venres, 22 (Venres de Paixón)

21:00 h. Procesión da Virxe das Dores.  
Capela das Dores (San Miguel dos  
Agros) (Confraría de Noso Pai Xesús  
Nazareno e a Santísima Virxe das  
Dores)

Percorrido: Praza de San Miguel, Rúa  
de Abril Ares, Rúa das Campás de San  
Xoán, Praza da Inmaculada, Catedral,  
Praza das Praterías, Rúa do Vilar, Praza  
do Toural, Rúa Nova, Rúa da Conga,  
Praza de Feixó, Rúa do Preguntoiro,  
Praza de Cervantes, Rúa da Algalia de  
Arriba, Rúa de San Miguel, Praza de San  
Miguel.

Sábado, 23 (Sábado de Paixón)

Exercicio do Santo Vía Crucis

19:00 h. Misa na Catedral

20:30 h. Saída da Catedral (en caso  
de choiva, celébrase no interior da  
Catedral (Xunta de Confrarías da  
Semana Santa de Compostela)

Percorrido: Praza da Inmaculada,  
Travesía das Dúas Portas, Rúa de San  
Francisco, Praza do Obradoiro, Rúa  
de Fonseca, Praza das Praterías, Rúa  
de Xelmírez, Rúa da Conga, Praza da  
Quintana, Catedral, (última Estación no  
interior)

Domingo, 24 (Domingo de Ramos)

10:45 h. Procesión da Borriquita. Igrexa  
da Orde Franciscana Secular. Confraría  
da Entrada Triunfal de Xesús en  
Xerusalén

Percorrido: Campiño de San Francisco,  
Rúa de San Francisco, Praza do  
Obradoiro, Rúa Fonseca, Praza das  
Praterías, Rúa da Conga, Praza da  
Quintana, (Bendición dos Ramos),  
Rúa da Conga, Praza das Praterías,  
Rúa Fonseca, Praza do Obradoiro, Rúa  
de San Francisco, Campiño de San  
Francisco

18:00 h. Procesión da Esperanza.

Capela Xeral das Ánimas. Confraría da  
Esperanza.

Percorrido: Rúa das Casas Reais, Praza  
de Cervantes, Rúa do Preguntoiro, Rúa  
da Caldeirería, Rúa de Tras Salomé, Rúa  
Nova, Cantón do Toural, Rúa das Orfas,  
Rúa da Caldeirería, Rúa do Preguntoiro,  
Praza de Cervantes, Rúa das Casas  
Reais

Luns, 25 (Luns Santo)

21:30 h. Procesión da Humildade. Igrexa  
de Santa María do Camiño. Confraría da  
Humildade.

Percorrido: Rúa Travesa, Rúa das Casas  
Reais, Praza de Cervantes, Rúa do  
Preguntoiro, Rúa da Caldeirería, Rúa  
das Orfas, Praza do Toural, Rúa do  
Vilar, Praza das Praterías, Rúa da  
Conga, Rúa do Preguntoiro, Praza de  
Cervantes, Rúa de San Bieito, Rúa  
Travesa

Martes, 26 (Martes Santo)

21:00 h. Procesión do Santísimo Cristo  
da Paciencia. Igrexa das Mercedarias  
(Confraría do Santísimo Cristo da  
Paciencia)

## Semana Santa de Santiago de Compostela

Percorrido: Tránsito da Mercé, Rúa da Fonte de Sto. Antonio, Rúa das Orfas, Cantón do Toural, Praza do Toural, Rúa do Vilar, Praza das Praterías, Catedral  
22:00 h. Procesión da Oración no Horto das Oliveiras e Prendemento. Igrexa de San Francisco (Confraría da Vera Cruz)

Percorrido: Campiño de San Francisco, Rúa de San Francisco, Praza do Obradoiro, Rúa do Franco, Travesa do Franco, Rúa do Vilar, Praza das Praterías, (Representación), Rúa de Fonseca, Praza do Obradoiro, Rúa de San Francisco, Campiño de San Francisco

Xoves, 28 (Xoves Santo)

12:00 h. Procesión da Última Cea do Salvador. Igrexa de San Francisco. Confraría Franciscana da Vera Cruz.

Percorrido: Campiño de San Francisco, Rúa de San Francisco, Praza do Obradoiro, Rúa Fonseca, Praza das Praterías, Rúa do Vilar, Praza do Toural, Rúa Nova, Rúa de Xelmírez, Praza das Praterías, Rúa Fonseca, Praza do Obradoiro, Rúa de San Francisco, Campiño de San Francisco

23:30 h. Procesión do Flaxelado. Igrexa de Santo Agostiño. Confraría do Noso Pai Xesús Flaxelado

Percorrido: Praza de Santo Agostiño, Cantón de San Bieito, Rúa de San Bieito, Praza de Cervantes, Rúa da Algalia de Arriba, Rúa de San Miguel, Praza de San Miguel, Rúa de Abril Ares, Rúa das Campás de San Xoán, Praza da Inmaculada, Rúa da Acibechería, Vía Sacra, Rúa de San Paio de Antealtares, Praza de Feixó, Rúa do Preguntoiro, Rúa da Caldeireiría, Rúa das Orfas,, Cantón do Toural, Praza do Toural, Rúa do

Vilar, Rúa de Xelmírez, Rúa da Conga, Praza de Feixó, Rúa do Preguntoiro, Praza de Cervantes, Rúa de San Bieito, Cantón de San Bieito, Praza de Santo Agostiño

Venres, 29 (Venres Santo)

11:00 h. Sermón e Procesión do Santo Encontro. Excmo. Rvdmo. Sr. Dr. D. Francisco José Prieto Fernández, Arcebispo de Santiago de Compostela. Praza da Quintana. Confraría do Noso Pai Xesús Nazareno e a Santísima Virxe das Dores.

Percorrido: Praza da Quintana, Rúa da Conga, Praza das Praterías, Rúa do Vilar, Praza do Toural, Rúa Nova, Rúa da Conga, Rúa do Preguntoiro, Praza de Cervantes, Rúa Algalia de Arriba, Praciña de San Roque, Rúa do Hospitaliño, Rúa da Porta da Pena, Rúa da Fonte de San Miguel, Praza de San Miguel

18:00 h. Procesión da Quinta Angustia. Capela da Quinta Angustia. Ilustre Confraría da Quinta Angustia.

Percorrido: Campo da Angustia, Rúa da Angustia, Rúa do Rosario, Rúa de Bonaval, Porta do Camiño, Rúa das Casas Reais, Praza de Cervantes, Rúa do Preguntoiro, Travesa de San Paio, Rúa de San Paio, Praza de Feixó, Rúa do Preguntoiro, Praza de Cervantes, Rúa das Casas Reais, Porta do Camiño, Rúa de San Pedro, Rúa da Angustia, Campo da Angustia

20:00 h. Procesión do Santo Enterro. Capela do Rosario (San Domingos de Bonaval). Real e Ilustre Confraría Numeraria do Rosario.

Percorrido: Campo de San Domingos, Costa de San Domingos, Porta do Camiño, Rúa das Casas Reais, Praza de

## Semana Santa de Santiago de Compostela

Cervantes, Rúa da Acibechería, Praza da Inmaculada, Catedral, (Estación de Penitencia), Praza das Praterías, Rúa do Vilar, Praza do Toural, Rúa Nova, Rúa da Conga, Rúa do Preguntoiro, Praza de Cervantes, Rúa das Casas Reais, Porta do Camiño, Costa de San Domingos, Campo de San Domingos

23:00 h. Procesión da Soidade. Igrexa de Santa María Salomé. Ilustre Confraría da Virxe da Soidade.

Percorrido: Rúa Nova, Praza do Toural, Rúa do Vilar, Praza das Praterías, Rúa da Conga, Praza de Feixó, Rúa do Preguntoiro, Rúa da Caldeirería, Rúa das Orfas, Cantón do Toural, Rúa Nova

Sábado, 30 (Sábado Santo)

22:00 h. Procesión dos Irmáns. Colexio dos Irmáns. Real Confraría do Santísimo Cristo da Unción e Nosa Señora da Serenidade.

Percorrido: Rúa de García Blanco, Rúa de Concepción Arenal, Rúa da Fonte Santo Antonio, Rúa das Orfas, Cantón do Toural, Rúa Nova, Rúa de Xelmírez, Praza das Praterías, Rúa do Vilar, Porta Faxeira, Campo da Estrela, Rúa da Senra, Rúa da Fonte Santo Antonio, Rúa de Concepción Arenal, Rúa de García Blanco

Domingo, 31 (Domingo de Pascua)

10:30 h. Procesión do Cristo Resucitado. Igrexa de San Francisco. Confraría Franciscana da Vera Cruz.

Percorrido: Campiño de San Francisco, Rúa de San Francisco, Praza do Obradoiro, Rúa Fonseca, Praza das Praterías, Rúa da Conga, Praza da Quintana, (Representación), Rúa da Conga, Rúa Nova, Cantón do Toural, Praza do Toural, Rúa do Vilar, Praza

das Praterías, Rúa da Conga, Praza de Feixó, Rúa do Preguntoiro, Praza de Cervantes, Rúa da Acibechería, Praza da Inmaculada, Travesa das Dúas Portas, Rúa de San Francisco, Campiño de San Francisco

### ABRIL

Domingo, 07 (Dominica in Albis)

11:00 h. Traslado do Santísimo Cristo da Paciencia. Catedral. Confraría do Santísimo Cristo da Paciencia de Conxo.

Percorrido: Praza das Praterías, Rúa do Vilar, Porta Faxeira, Campo da Estrela, Avda. de Xoán Carlos I, Avda. das Casas de Compostela, Rúa de Rosalía de Castro, Avenida de Vilagarcía, Rúa de García Prieto, Rúa de Sánchez Freire, Campo de Conxo

Outras actividades: música, cine, conferencias, teatro, actos relixiosos, exposicións, cultos e liturxias...

Máis información:

Xunta de Confrarías:

<https://www.semanasantasantiago.es/>

Turismo de Santiago de Compostela

<https://www.santiagoturismo.com/axenda-cultural/semana-santa-2024>

Descarga do folleto da Semana Santa de Santiago de Compostela:

<https://www.santiagoturismo.com/files/2024/02/ProgramaSemanaSanta24Web.pdf>



